



## RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA POLA QUE SE FAI PÚBLICA A OFERTA DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO EN LINGUAS ESTRANXEIRAS EN CANADÁ.

Atendendo ao establecido na disposición adicional segunda da Orde do 30 de abril de 2014 pola que se convocan licenzas por formación para o curso 2014/2015 destinadas ao funcionario docente non universitario e se aproban as súas bases de concesión (DOG do 12 de maio), esta Dirección Xeral,

RESOLVE, ofertar as seguintes prazas no exterior:

País	Cidade	Datas	Nº de prazas	Destinatarios
Canadá	Calgary	Do 27 de outubro ao 21 de novembro de 2014	2	Mestres
			1	PES
Canadá	Edmonton	Do 27 de outubro ao 21 de novembro de 2014	4	Mestres
			2	PES

### Obxecto das prazas:

A actividade de formación está encamiñada á integración do profesorado seleccionado nun centro de Educación Primaria ou de Educación Secundaria, segundo corresponda, no país que se solicite durante o período indicado.

O profesores e profesoras participarán activamente na vida diaria do centro educativo adjudicado, nas diferentes clases na lingua estranxeira correspondente e nas seccións bilingües inglés/castelán e nas celebracións e festividades que realice o centro de destino.

### Segundo o procedemento da orde de convocatoria:

1. As persoas candidatas só poderán solicitar unha praza das ofertadas.
2. Os destinatarios deberán cumprir cos requisitos mencionados no artigo 3 da convocatoria da Orde do 30 de abril de 2014 pola que se convocan licenzas por formación para o curso 2014/2015 destinadas ao funcionario docente non universitario e se aproban as súas bases de concesión (DOG do 12 de maio).

### Documentación a presentar:



Solicitude utilizando o modelo do Anexo II da mencionada Orde para a modalidade 6.

1. Certificación acreditativa de dispor do nivel B2 na lingua estranxeira do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL), agás para o profesorado especialista.
2. Anexo VI da orde cuberto e asinado.
3. Proxecto do plan de perfeccionamento que se pretenda acometer con base na lingua estranxeira que se vaia perfeccionar, segundo o estipulado na citada orde e tendo en conta as características especiais destas prazas.
4. Certificado de antecedentes penais negativo emitido polo Ministerio de Xustiza.
5. Certificado de cobertura de asistencia sanitaria en el exterior de MUFACE expedido en galego/castelán e inglés ou seguro médico adicional para o período da licenza en Canadá. Pódese solicitar a través da sede electrónica de MUFACE <https://sede.muface.gob.es/dae/faces/sede.jsp> ou presencialmente na oficina de MUFACE correspondente.
6. Unha presentación en lingua inglesa sobre o sistema educativo español en xeral e do sistema educativo galego en particular, facendo fincapé en aspectos culturais e relacionados cos programas de bilingüismo e plurilingüismo levados a cabo no seu centro.

#### **Aloxamento:**

O aloxamento será en casa de familia e será xestionada pola Consellería. O importe do aloxamento e das 3 comidas será de 750 dólares canadenses, que correrá a cargo da persoa seleccionada.


#### **Desprazamento:**

O profesorado seleccionado deberá organizar a súa viaxe dende o seu domicilio ata o aeroporto de destino. As persoas seleccionadas, no seu caso, poden solicitar un reintegro para os desprazamentos segundo a Orde do 12 de maio de 2014 pola que se regula o procedemento para o reintegro individual de gastos por asistencia a actividades de formación do profesorado non universitario para o ano 2014 (DOG do 22 de maio). O prazo de presentación será de polo menos 20 días de antelación con respecto á data do comezo da actividade.

**O prazo de solicitude remata o 5 de setembro de 2014.**

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2014.

O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa



  
Manuel Corredoira López